

MAG/avr

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 20/03/2026

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.<sup>a</sup> María Pilar Ramallo Vázquez  
VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero  
D.<sup>a</sup> Luisa María Sánchez Méndez  
D. Rafael Domínguez Artime  
D. Jorge Cubela Lopez  
D. Jesús Vázquez Almuíña  
D. Ricardo Martínez Chantada  
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
D. Juan Pablo Castillo Amigo  
D.<sup>a</sup> Nuria Rodríguez Rodríguez  
D. Gorka Gómez Díaz  
D.<sup>a</sup> Digna Rosa Rivas Gómez  
D. Paco Ferreira González  
D. Gregorio Luis Agís Gómez  
D. Javier Iglesias Mougán  
D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D.<sup>a</sup> Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte de marzo do ano dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

**1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expte. 2026007851)**

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 2OB46R3Y4SYSJKFE), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de febreiro do ano dous mil vinte e seis por unanimidade.



## **2. Ditaminar a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Expte. 2025061321)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ao Pleno:

### **“APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2025061321)**

#### **ANTECEDENTES:**

**Primeiro.-** O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 30/09/2025, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025)*”, publicadas no BOPPO núm. 189, do 3 de outubro de 2025, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

**Segundo.-** De conformidade co sinalado na base Quinta, o financiamento deste Plan ascende a trinta e cinco millóns (35.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.85.2025.

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de 50.000 habitantes ou menos que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nas bases.

Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignaráselles ata o máximo financiamento posible por concello aos proxectos con maior puntuación, ata esgotar o crédito do plan. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento establecidas.

**Terceiro.-** Co Plan Extra 2025, a Deputación pretende impulsar, unha vez máis, investimentos públicos que posibiliten a modernización do territorio, que contribúan a fixar e atraer poboación e que senten as bases dun crecemento sostible e equilibrado, para o que é indispensable que as infraestruturas e dotacións sobre as que se sustenten os servizos públicos estean evolucionadas de forma adecuada.

En consecuencia, a Deputación asume de novo o reto non só de exercer, senón tamén de fortalecer as súas competencias como garante do protagonismo que os Concello deben ter



na construción dunha provincia cohesionada e equilibrada territorialmente e, por conseguinte, no marco das competencias previstas no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 32 e 33 do Real decreto lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, activa un novo Plan Provincia Extraordinaria adaptado ás necesidades dos concellos e orientado ao financiamento de investimentos de relevancia estratéxica, operativos, eficientes e transformadores, cun efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

Sen embargo, a cohesión territorial pode verse afectada polas limitacións orzamentarias que constrinxen o marco de acción das administracións, polo que desde a Deputación de Pontevedra se pretende realizar de xeito extraordinario un esforzo económico adicional para destinar maiores recursos económicos ao Plan Extra 2025, de forma que as especiais demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste Plan se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Para elo, propónse unha modificación parcial das bases do Plan Extra 2025 para incrementar o crédito en un millón novecientos cincuenta e tres mil novecientos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €) con cargo a un crédito extraordinario na anualidade 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Consideracións xurídicas:

1.º- As medidas adoptadas no marco do Plan Extra 2025 pretenden que as administracións orienten a súa planificación de investimentos cara a fins de relevancia estratéxica, co fin de equilibrar a prestación dos servizos en todo o territorio e de acadar investimentos atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores.

2.º- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

3.º- En virtude do establecido no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, correspóndelle á Deputación a asistencia e cooperación xurídica,



económica e técnica aos Concellos, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

4.º- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

5.º- O artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que a convocatoria das subvencións debe fixar necesariamente a contía máxima das subvencións convocadas e os créditos orzamentarios aos que se imputan, non podendo, en principio, outorgar subvencións na contía superior á mesma, salvo que se proceda a unha nova convocatoria. Non obstante, excepcionalmente, a propia convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima, unha contía adicional cuxa aplicación á concesión non requirirá unha nova convocatoria nos casos en que se prevea dispoñer do financiamento preciso para cubrir dita contía antes da resolución da concesión e dito financiamento proveña, ademais, de sobrantes de convocatorias anteriores ou de xeracións, incorporacións ou ampliacións de crédito.

6.º- O crédito previsto inicialmente para financiar o Plan Extra 2025 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir a unha modificación orzamentaria para dotar con crédito extraordinario a correspondente aplicación para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste Plan se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

7.º- O artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

8.º- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite complementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.



9.º- Proponse unha modificación parcial das bases reguladoras do Plan Extra 2025 para, por unha banda, incoar un expediente de modificación de crédito extraordinario por un total de un millón novecientos cincuenta e tres mil novecientos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €), con cargo á anualidade 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

10.º- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis nin ocasiona prexuízo dos dereitos de terceiros.

11.º- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Plan, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

12.º- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto na base Segunda do Plan Extra, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, rexerá o establecido nas súas propias bases, sendo de aplicación supletoria o establecido na Lei xeral de subvencións, é dicir que en virtude do disposto na base Terceira será o Pleno o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a modificación das bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

### **Competencia para resolver**

Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril,



reguladora das bases do réxime local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por ser o órgano que aprobou as bases no seu día.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado Plan que obra no expediente, á vista dos informes do xefe do Servizo de Cooperación, do 10 de marzo de 2026 (CSV: KNZCVVoMUGD1Z31U) e da Intervención provincial, do 12 de marzo de 2026 (CSV: : H4TMWB5Q3NNA6RAA), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- Incrementar o crédito destinado ao seu financiamento nun total de un millón novecentos cincuenta e tres mil novecentos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €), con cargo a un crédito extraordinario na anualidade 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

En consecuencia, propónse modificar a base Quinta (modifícase o importe e a imputación orzamentaria, condicionado á aprobación e entrada en vigor do expediente de modificación de crédito que corresponda), de maneira que quedará redactada co seguinte teor literal:

*“O financiamento deste plan ascende a trinta e seis millóns novecentos cincuenta e tres mil novecentos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (36.953.950,28 €), financiados con fondos propios da Deputación, con cargo ao orzamento provincial do exercicio de 2026, dos cales:*

- *Trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00€) imputables á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.85.2025.*
- *un millón novecentos cincuenta e tres mil novecentos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €), con cargo a un crédito extraordinario na anualidade 2026, imputables á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.*

*Os concellos poderán presentar un único proxecto para unha única actuación aínda non executada, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas. (...)*”

- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.”



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

### **3. Ditaminar a aprobación da concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Expte. 2025061321)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

#### **“ASUNTO: APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2025061321)**

#### **ANTECEDENTES**

1.º O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30/09/2025, punto 4.8493, acordou aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 189, do 03/10/2025, sendo o prazo de presentación de solicitudes dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da dita publicación.

2.º De acordo coa base 1ª o obxecto da convocatoria diríxese á concesión de subvencións aos concellos cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes para os seguintes tipos de investimentos: novas infraestruturas públicas; infraestruturas públicas existentes; intervención en espazos públicos urbanos ou naturais e elementos necesarios para a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstica (5.º contedor).

3.º De acordo coa base 5ª, o financiamento do Plan Extra 2025 ascende a trinta e cinco millóns (35.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación, con cargo ao Orzamento provincial do exercicio 2025, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.85.2025.

4.º Para incrementar o financiamento do Plan en un millón novecientos cincuenta e tres mil novecientos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €), tramítase unha modificación parcial das Bases, que afecta a base 5ª, con cargo a un crédito extraordinario, imputable á aplicación



orxamentaria que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85 e condicionado á aprobación do expediente de modificación de crédito correspondente.

Tendo en consideración esta modificación parcial das Bases, o financiamento total do Plan Extra 2025 por parte da Deputación ascenderá a un máximo de trinta e seis millóns novecentos cincuenta e tres mil novecentos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (36.953.950,28€).

5.º A base 6ª indica que o procedemento de concesión é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios e baremos contidos na dita base, correspondéndolle a súa instrución ao xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, tal como se indica na base 7ª.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 03/11/2025 e nese prazo, dos potenciais beneficiarios da convocatoria, os 59 concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, todos presentaron as correspondentes solicitudes.

Segundo o previsto nas bases 7ª e 11ª procedeuse a requirir aos concellos a emenda das súas solicitudes no prazo de 10 días hábiles, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede excluír directamente aos Concellos de Cambados e Vilagarcía de Arousa, polas motivacións e coas explicacións recollidas no **anexo II**.

6.º Revisados previamente polos seus membros os proxectos e demais documentación técnica correspondente ás 57 solicitudes admitidas, a Comisión de persoas expertas procede a facer unha valoración de acordo cos criterios establecidos nas bases, elaborando unha relación, ordenada pola puntuación asignada a cada concello de modo decrecente.

7.º En base aos criterios de concesión, á documentación que obra no expediente, á acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebradas na data 10/03/2026 e ao informe dos Servizos técnicos provinciais de 11/03/2026, o instrutor procede a elaborar unha proposta de concesión de subvención entre as 57 solicitudes consideradas (**Anexo I**).

8.º De conformidade co establecido nas bases 11ª e 15ª, nos casos dos concellos indicados no **Anexo I**, a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o certificado de aprobación do proxecto, a acta de trazado previo (anexo V), e á obtención da/s correspondente/s autorización/s sectoriais solicitadas, cuxos expedientes de contratación da obra deberán aprobarse cando se obteñan. Do mesmo xeito, no caso dos concellos indicados no referido anexo, a concesión quedará condicionada á obtención da titularidade ou cesión dos terreos nos que se van desenvolver as actuacións.

Cabe destacar que no caso dos concellos que adquiren terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.

9.º De acordo co previsto nas Bases reguladoras, na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización.



10.º Entre as 57 solicitudes, que cumpren os requisitos esixidos polas bases, repártese o crédito, e deste xeito correspóndelles a concesión do 100% da subvención solicitada, agás no caso do concello de Lalín, polos motivos recollidos no Anexo I, sumando un importe total de 36.953.950,28 €, cifra que se corresponde co crédito total dispoñible unha vez tramitada a devandita modificación de crédito.

11.º Dado que o importe total das 57 subvencións propostas ascende a 36.953.950,28 €, a concesión das subvencións que superen o importe recollido nas bases (concellos indicados no **Anexo I**), deberá quedar condicionada á aprobación definitiva do mencionado expediente de modificación de crédito do ano 2026.

12.º Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración



recollidas nela

- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde ao xefe do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias. Así mesmo, relacionarase as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio vixente que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a



concesión da subvención e o prazo para a súa presentación

- Base reguladora 11ª da convocatoria que, segundo o disposto nos artigos 68.1 da LPAC, 23.5 da LXS, e 20.6 da LSG, prescribe que no caso de presentar incompleta a documentación á que se refire a dita base, se requirirá ao interesado para que nun prazo máximo de 10 días hábiles, emende as faltas ou omisións, con indicación de que non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP
- Artigos 23.5 da LXS e 20.6 da LSG, en concordancia co artigo 68.2 da LPACAP, polos que o prazo de requirimento de emenda, ao abeiro dos procedementos de concesión en réxime de concorrencia competitiva, será improrrogable
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade

### Competencia para resolver

Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da base 16ª.3 das Bases de execución do orzamento da Deputación.

### CONCLUSIONES

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, e vistas a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de data 10/03/2026, o informe técnico de data 11/03/2026, o informe do xefe do Servizo de Cooperación de data 11/03/2026, e o informe de Intervención de data 16/03/2026, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) aos 57 concellos beneficiarios que figuran no **Anexo I** a este acordo, para a realización dos investimentos que se relacionan no mesmo, por un importe total de 36.953.950,28 €, e de acordo coas porcentaxes previstas nas Bases reguladoras.

Dado que o citado importe supera o importe inicial recollido nas bases (35.000.000,00€) a concesión das subvención aos concellos indicados no **Anexo I** queda condicionada á aprobación da correspondente modificación de crédito do ano 2026.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nas bases 11ª e 15ª, nos casos dos concellos indicados



no **Anexo I**, a concesión da subvención quedará condicionada que se achegue o certificado de aprobación do proxecto, a acta de trazado previo (anexo V), e á obtención da/s correspondente/s autorización/s sectoriais solicitadas, cuxos expedientes de contratación da obra deberán aprobarse cando se obteñan. Do mesmo xeito, no caso dos concellos indicados no referido anexo, a concesión quedará condicionada á obtención da titularidade ou cesión dos terreos nos que se van desenvolver as actuacións.

Doutra parte, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) Tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.
- b) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
- c) Os beneficiarios deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras.
- d) Os beneficiarios deberán ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 31/12/2027. Así mesmo, o prazo de xustificación será ata o 31/05/2028. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.
- e) A licitación e adxudicación dos contratos, a execución e a xustificación destes investimentos correspóndelle aos concellos beneficiarios, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- f) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.
- g) Se o beneficiario da subvención non presenta a documentación xustificativa no prazo sinalado na base décimo sétima, requiriráselle de forma inmediata que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días hábiles. A achega da documentación xustificativa fóra deste prazo dará lugar á imposición dunha dedución do 5 % da contía subvencionada. A non xustificación dará lugar á perda, total ou parcial, do dereito a cobrar a subvención correspondente.
- h) O incumprimento da obriga de comunicar os actos oficiais relativos ao inicio (acto de comprobación da implantación), execución (visitas de obra), recepción e inauguración dos investimentos financiados con cargo a este plan no prazo estipulado na base vixésima poderá dar lugar á imposición dunha dedución de ata o 5 % do importe da subvención concedida, logo da tramitación do procedemento pertinente.
- i) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento recibido por parte da Deputación conforme ao disposto na base vixésima no prazo establecido inicialmente dará lugar a unha dedución do 5 % da contía concedida. A persistencia do incumprimento tras o requirimento que se realice para o efecto dará lugar a unha dedución de entre o 10 % e o 20 %, de conformidade co previsto na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- j) No caso dos concellos que adquiren terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.



- AUTORIZAR e comprometer o gasto por importe de 35.000.000,00€ na aplicación 2026/942.9420.762.85.2025 do vixente orzamento provincial.
- AUTORIZAR e comprometer o gasto por importe de 1.953.950,28 € na aplicación que será, no seu caso, a 2026/942.9420.762.85, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente de modificación de crédito correspondente.
- DESESTIMAR as solicitudes relacionadas no **Anexo II**, de conformidade coas bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan extra 2025), publicadas no BOPPO núm. 189, do 3 de outubro de 2025.
- DAR TRASLADO do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.”



**ANEXO I – PROPOSTA DE CONCESIÓN DE 57 SOLICITUDES**

EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072591	ESTRADA, A	RECUPERACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA PRAIA FLUVIAL DO RÍO LIÑARES E REFORMA DE EDIFICACIÓN EXISTENTE CON DESTINO A USO PÚBLICO	89	1.585.996,84 €	1.100.000,00 €	485.996,84 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025073187	LALÍN	HUMANIZACIÓN DE LAS CALLES DE LA ALMENDRA CENTRAL DE LALÍN	82	2.429.359,82 €	1.004.406,21 €	1.424.953,61 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025067646	CERDEDO-COTOBADE	ÁREA RECREATIVA DE A CHAN	78	836.424,50 €	669.139,60 €	167.284,90 €	
2025072553	PORRIÑO, O	REXENERACIÓN URBANA DO NÚCLEO DE TORNEIROS	77	2.749.500,00 €	1.100.000,00 €	1.649.500,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072965	TOMIÑO	PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA PERSOAS NA CONTORNA DA IGREXA STA. M <sup>a</sup> . DE TEBRA	77	1.298.240,87 €	900.000,00 €	398.240,87 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072967	MARÍN	CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL ACCESIBLE E SEGURA NA ESTRADA DO PAZO, EN ARDÁN	75	863.573,59 €	604.501,51 €	259.072,08 €	
2025071811	GUARDA, A	COMPLEXO DEPORTIVO A SANGRIÑA	75	900.000,00 €	675.000,00 €	225.000,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO E A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V)
2025072388	MOS	MELLORA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANGUIÑEDA	75	1.198.107,30 €	898.580,47 €	299.526,83 €	
2025073186	PONTEAREAS	MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE E AMPLIACIÓN DA PISCINA E SALA DE FITNESS DO COMLEXO DEPORTIVO ÁLVARO PINO	74	1.571.428,57 €	1.100.000,00 €	471.428,57 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072422	SANXENXO	PASEO LITORAL DESDE EL PASEO DE SILGAR HASTA LA ENTRADA AL PARQUE DE PUNTA VICAÑO Y RECUPERACIÓN DEL SISTEMA DUNAR Y MEJORA DEL ACCESO PEATONAL EN LA PLAYA DE BALTAR Y ACCESOS.	74	1.799.995,49 €	900.000,00 €	899.995,49 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072586	FORCAREI	CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO MULTIFUNCIONAL EN EL COMPLEJO DEPORTIVO "AS MALEITAS" DE FORCAREI	73	650.000,00 €	500.000,00 €	150.000,00 €	
2025072014	POIO	REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE MAIORES	73	1.075.569,13 €	806.676,85 €	268.892,28 €	



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072587	SILLEDA	REHABILITACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA	73	998.674,36 €	553.581,47 €	445.092,89 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO E A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V)
2025072590	TUI	EJECUCIÓN DEL PASEO DA CORREDERA Y AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA FASE 2: PASEO DA CORREDERA NORTE	72	736.398,40 €	552.298,80 €	184.099,60 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072096	REDONDELA	REURBANIZACIÓN CAMIÑO DE CIDADELLE, CHAPELA, REDONDELA	71	1.088.065,42 €	761.645,79 €	326.419,63 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072507	CANGAS	HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE: RÚA FERROL, RÚA GONDOMAR E RÚA REDONDELA	71	1.532.180,40 €	1.072.526,28 €	459.654,12 €	
2025072911	BUEU	HUMANIZACIÓN NO ENTORNO DA RÚA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO	71	796.490,32 €	597.367,74 €	199.122,58 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072493	MOAÑA	MELLORA DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MOAÑA	71	1.199.024,86 €	899.268,65 €	299.756,21 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025070236	SALVATERRA DE MIÑO	HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA CAPELA DE SAN ROQUE, NO NÚCLEO DE LEIRADO	71	786.905,35 €	590.179,01 €	196.726,34 €	
2025072582	CAÑIZA, A	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN UNIFICADO PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ROSALÍA DE CASTRO E BUEIXOS. CONCELLO DA CAÑIZA	71	852.944,31 €	682.000,00 €	170.944,31 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025071996	NIGRÁN	MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS EN DUNAS DE GAIFAR, RÚA CIDADE DE VIGO, 2. PANXÓN	71	1.029.510,31 €	772.132,73 €	257.377,58 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072868	AGOLADA	RECUPERACIÓN E HUMANIZACIÓN DA PRAZA ALAMEDA DE BRÁNTEGA E O SEU ENTORNO	71	588.235,29 €	500.000,00 €	88.235,29 €	CONCESIÓN CONDICIONADA Á OBTENCIÓN DA/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072441	MONDARIZ	POSTA EN VALOR E MELLORA PAISAXÍSTICA DO ENTORNO DA PRAIA FLUVIAL DO VAL	71	780.352,97 €	500.000,00 €	280.352,97 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072497	VILA DE CRUCES	HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO URBANO DE VILA DE CRUCES. RÚA DO CINE	70	846.999,96 €	677.599,96 €	169.400,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072579	RODEIRO	REURBANIZACION DA RÚA A. TRAMO ENTRE CENTRO CULTURAL E PO-533	70	588.235,29 €	500.000,00 €	88.235,29 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025073171	GROVE, O	HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DA RÚA LUIS A. MESTRE DENDE A RÚA BORREIROS ATA A RÚA DA PRAZA	70	2.600.000,00 €	900.000,00 €	1.700.000,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á OBTENCIÓN DA TITULARIDADE/CESIÓN DOS TERREOS
2025071544	VALGA	DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E POSTA EN VALOR DA ÁREA DE LECER E DEPORTIVA DE PORTO PIÑEIRO	70	875.017,24 €	700.000,00 €	175.017,24 €	



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072597	LAMA, A	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NA AVDA. DO CONCELLO E RÚA MANUEL TOSAR	70	606.596,19 €	500.000,00 €	106.596,19 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025061321	VILABOIA	REACONDICIONAMENTO DE PARQUE EN RIOMAIOR, VILABOIA	70	908.712,12 €	700.000,00 €	208.712,12 €	
2025072589	BAIONA	PROXECTO REHABILITACIÓN URBANA DE "O BURGO" EN BAIONA	69	1.137.668,69 €	853.251,51 €	284.417,18 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V)
2025068927	ARBO	PROXECTO CONSTRUCTIVO DE AMPLIACION DE VIAL ENTRE CALLE MIGUEL DAVILA Y LA CARRETERA PO-400 EN PK 18+430 (CONCELLO DE ARBO)	69	588.146,10 €	499.924,18 €	88.221,92 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025073180	DOZÓN	REURBANIZACIÓN DAS RÚAS INTERIORES E MELLORA DA VÍA DE ACCESO NO BARRIO DA IGREXA DO CASTRO DE DOZÓN	68	598.750,02 €	500.000,00 €	98.750,02 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072095	MEAÑO	PROXECTO DE SENDA PEONIL E CICLABLE POR UN TRAMO DA R/PONTE DENA - ABUÍN	67	1.061.016,46 €	700.000,00 €	361.016,46 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072078	PONTE CALDELAS	PROXECTO RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE	67	578.119,85 €	462.495,88 €	115.623,97 €	
2025072592	SALCEDA DE CASELAS	PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA PROLONGACIÓN DA RÚA MÁRTIRES DE SOBREDO E ADXACENTE	67	1.076.407,00 €	700.000,00 €	376.407,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025071993	CALDAS DE REIS	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA SAN ROQUE E NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN ROQUE	66	875.000,00 €	700.000,00 €	175.000,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072595	CUNTIS	MELLORA DA MOBILIDADE RURAL EN CUNTIS COA CREACIÓN DUN ESPAZO COMPARTIDO PARA PEÓNS, BICICLETAS E VEHÍCULOS	66	605.823,53 €	500.000,00 €	105.823,53 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025070699	FORNELOS DE MONTES	URBANIZACIÓN DE PRAZA PÚBLICA A CURUXEIRA DE CALVOS	66	259.750,28 €	220.787,73 €	38.962,55 €	



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025071988	NEVES, AS	URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTICIÓN UE-1/2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DAS NEVES	66	498.208,16 €	423.476,94 €	74.731,22 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á OBTENCIÓN DA TITULARIDADE/CESIÓN DOS TERREOS
2025072581	CATOIRA	RECUPERACIÓN DO CAMIÑO REAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE O LÍMITE CO TM DE VILAGARCÍA	66	610.641,93 €	500.000,00 €	110.641,93 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS.
2025072580	VILANOVA DE AROUSA	REXENERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS DE VILANOVA DE AROUSA	65	1.270.551,57 €	900.000,00 €	370.551,57 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025073189	CRECENTE	HUMANIZACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN SENDELLE, NO CONCELLO DE CRECENTE	65	468.289,98 €	398.046,48 €	70.243,50 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072075	SOUTOMAIOR	MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA ROXELIO LANDEIRO ENTRE RÚA FONTE DO CONDE E RÚA ROSALÍA DE CASTRO	65	875.221,25 €	700.000,00 €	175.221,25 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072585	MEIS	CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CPI DE O MOSTEIRO, CONCELLO DE MEIS	65	588.235,30 €	500.000,00 €	88.235,30 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025073170	GONDOMAR	ADECUACIÓN DE VÍA Y MEJORA DE SERVICIOS PARA CREACIÓN DE ITINERARIO PEATONAL EN LA PARROQUIA DE BORREIROS	64	1.302.412,58 €	900.000,00 €	402.412,58 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072574	ROSAL, O	RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DA RÚA DA ESTRADA EN PÍAS	64	472.993,56 €	378.394,85 €	94.598,71 €	
2025073188	OIA	AMPLIACIÓN E MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA DO CAMPO E REHABILITACIÓN DE VIVENDA PARA USO COMUNITARIO	64	530.000,00 €	450.500,00 €	79.500,00 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072596	BARRO	REHABILITACIÓN DA NAVE DA MÚSICA E HUMANIZACIÓN DO ENTORNO	64	559.997,70 €	475.998,04 €	83.999,66 €	
2025072588	COVELO	AMPLIACIÓN E MELLORA DO ENTORNO DO CEMITERIO DE BARCIA DE MERA	63	601.139,51 €	500.000,00 €	101.139,51 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS
2025072434	CAMPO LAMEIRO	CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN CAMIÑO AGRELO EN CAMPO LAMEIRO DESDE PK 230,000 HASTA PK 584,524	63	480.856,36 €	408.727,91 €	72.128,45 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á OBTENCIÓN DA TITULARIDADE/CESIÓN DOS TERREOS
2025072594	MORAÑA	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NO LUGAR DE O BUELO E CREACIÓN DE SENDA PEONIL ATA A RÚA N7 DE SANTA LUCÍA	63	491.541,55 €	417.810,32 €	73.731,23 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072593	ILLA DE AROUSA, A	HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS NATURAIS DA ÁREA DEPORTIVA DE TESTOS	62	1.049.999,99 €	500.000,00 €	549.999,99 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS, E Á OBTENCIÓN DA TITULARIDADE/CESIÓN DOS TERREOS
2025072973	RIBADUMIA	PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CALEXÓN LOUREIRO E ARREDORES DA CAPELA DE SAN ISIDRO	61	1.039.375,55 €	700.000,00 €	339.375,55 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V) E Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
2025071816	MONDARIZ-BALNEARIO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA CONTORNA DOS HOTEIS MONDARIZ-BALNEARIO	61	578.843,27 €	492.016,78 €	86.826,49 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
2025072598	PAZOS DE BORBÉN	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O C.P.I. CURROS ENRÍQUEZ E O AUDITORIO MUNICIPAL	60	574.522,14 €	488.343,81 €	86.178,33 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVACIÓNS
2025072400	PORTAS	MELLORA E MODERNIZACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO CAMIÑO DO FONDO EN PORTA DO CONDE - PORTAS	57	655.903,67 €	500.000,00 €	155.903,67 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS E Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
2025072969	PONTECESURES	HUMANIZACIÓN E MELLORA INTEGRAL DOS SERVIZOS EN SAN XULIÁN DE REQUEIXO	57	549.730,33 €	467.270,78 €	82.459,55 €	CONCESIÓN CONDICIONADA A QUE SE ACHEGUE O CERTIFICADO DE APROBACIÓN DO PROXECTO, A ACTA DE TRAZADO PREVIO (ANEXO V), A/S CORRESPONDENTE/S AUTORIZACIÓN/S SECTORIAIS, E Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
<b>TOTAIS</b>				<b>53.751.685,23 €</b>	<b>36.953.950,28 €</b>	<b>16.797.734,96 €</b>	

En relación ao Concello de Catoira, na solicitude inclúense costes de redacción de proxecto por importe de 17.787,00 euros, sen embargo, una vez examinado o expediente pola Intervención, non poden considerarse como parte de investimento subvencionable debido a que a o contrato menor para a redacción do proxecto adjudicouse con posterioridade á data en que este foi asinado.

En canto ao Concello de Lalín, preséntanse dous decretos da alcaldía de corrección de erros nas datas 09/12/2025 e 14/01/2026, para reaxustar a cantidade da subvención solicitada debido a erros no cálculo nos fondos FEDER que van cofinanciar esta actuación. Examinado o expediente pola Intervención, establécese que non se pode ter en conta o importe corrixido fóra do prazo para a recepción de solicitudes e que incrementa o importe inicialmente solicitado. Como consecuencia, tense en conta a cantidade da subvención solicitada inicialmente dentro do prazo de presentación de solicitudes.



ANEXO II – RELACIÓN DE 2 SOLICITUDES DESESTIMADAS

CONCELLO DE CAMBADOS
<b>Acondicionamento de entorno para zonas de xogo activo, seguro ó aire libre e práctica de actividades físicas funcionais con zona de lecer, skate park con bowl e zona de parkour e calistenia no Pombal</b>
<b>Motivo:</b> NON ACADAR O ORZAMENTO DE LICITACIÓN O MÍNIMO ESTABLECIDO NA BASE 5ª Orzamento total ascende a 429.989,15 €. <b>Explicación:</b> Este importe non acada o mínimo establecido na base 5ª, xa que no caso deste Concello, ao contar cunha poboación comprendida entre 10.001 e 20.000 habitantes, o importe mínimo do orzamento estaría situado nos 450.000 € (o 50% da subvención máxima para este tramo de poboación), polo que procede a súa exclusión automática, de acordo co establecido na base 11ª.

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
<b>Humanización da rúa Aduana de Carril</b>
<b>Motivo:</b> INVIABILIDADE DA ACTUACIÓN PROPOSTA / NON EMENDAR OS EXTREMOS REQUIRIDOS NO PRAZO DE 10 DÍAS HÁBILES, A CONTAR DESDE O SEGUINTE AO DA NOTIFICACIÓN DO MESMO <b>Explicación:</b> No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa, preséntase un proxecto técnico que carece de gran parte dos apartados esixidos pola lexislación vixente e o anexo I das bases reguladoras deste procedemento. É dicir, trátase dun proxecto básico (non recolle o mínimo esixible para un proxecto de execución), incompleto e inexecutable tal e como se presenta, polo que se emite requirimento advertindo de que a resposta ao mesmo debe efectuarse mediante documento único refundido, debidamente asinado por medios electrónicos, que solvete as incidencias referidas, e as partes complementarias que poidan verse afectadas por ditas correccións. Entre os extremos requiridos atopábanse: incluír a xustificación da non división en lotes; incluír a definición do planeamento urbanístico afectado pola actuación; incluír a necesidade ou non de ocupación de terreos; a xustificación do cumprimento da declaración de impacto ambiental ou a súa non necesidade; a xustificación da normativa sectorial en materia de accesibilidade; incluír a clasificación do contratista; incluír a fórmula de revisión de prezos no caso de que sexa necesaria; incluír o prazo de garantía; incluír os anexos preceptivos, ou xustificación de non necesitalos (reportaxe fotográfica, anexo de topografía e referencias de



todo tipo para a implantación da obra, con coordenadas das bases de replanteo no sistema ETRS89, anexo de xeoloxía e xeotecnia, anexo de integración ambiental, anexo e necesidades de ocupación de terreos, anexo de coordinación con outros organismos, anexo de reposición de servizos afectados, anexo da implantación da obra, anexo do plan de control de calidade, anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición, anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde, anexo de plan de obra, xustificación de prezos das táboas de prezos unitarios, auxiliares e descompostos no anexo de xustificación de prezos, e o orzamento desagregado para o coñecemento da administración); incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede completamente definida, así como o seu índice; e, en último lugar, incluír os cadros de prezos número 1 e número 2.

Rematado o prazo de emenda, o Concello presenta un informe do arquitecto municipal no que non se recollen a maioría dos extremos anteriormente expostos, xa que debido á magnitude das omisións presentes no proxecto, estes debían ser incluídos no mesmo, tal e como se advertiu no informe de incidencia técnica notificado ao Concello xunto co oficio de requirimento.

Por todo o exposto, procede excluír ao Concello de Vilagarcía de Arousa, en cumprimento do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, así como de acordo co disposto na base 11ª, xa que coa documentación que obra no expediente, non se pode dar por presentado un proxecto técnico para a presente actuación.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por maioría, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), a abstención do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e os votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG (2).

#### **4. Ditaminar a aprobación da prórroga extraordinaria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030 – Programa PON2030 (Expte. 2023010533)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, antes da súa elevación ao Pleno, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo:



“APROBACIÓN DA PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DO PROGRAMA PON2030 (Expdte 2023010533)

“O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria desenvolvida con data do 6 de marzo de 2023, aprobou, mediante acordo núm. 2.7960, as bases reguladoras e a convocatoria do PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, do 7 de marzo de 2023. Ditas bases foron modificadas mediante o acordo plenario núm. 3.8051, do 29 de setembro de 2023 (BOPPO núm. 191, do 3 de outubro de 2023).

O obxecto central do PON2030 era dotar de recursos extraordinarios aos concellos para transformar a provincia baixo os criterios da Axenda 2030. As súas metas específicas contemplaban a transformación urbana, a mellora na mobilidade e a eficiencia enerxética baixo as premisas de equilibrio territorial e investimentos produtivos.

De acordo coa motivación que determinados concellos expuxeron a esta Deputación, con data do 28 de febreiro de 2025, o Pleno da Corporación Provincial, mediante acordo núm. 8.8353, aprobou unha primeira prórroga do PON2030, fixando como data límite de execución dos investimentos acollidos ao programa o 31 de marzo de 2026, e de xustificación, o 31 de agosto de 2026.

Malia a dilixencia técnica amosada, concorren causas alleas á vontade municipal que impiden o cumprimento dos devanditos prazos. Entre estas circunstancias cómpre salientar a aparición de imprevistos que obrigaron a redefinir as solucións técnicas coa conseguinte paralización da obra (como no caso do Concello de Mondariz); as dilacións administrativas derivadas de organismos externos como Patrimonio (caso do Concello de Tui); ou unha pluviosidade superior á media durante os últimos meses que impediu executar fisicamente as obras ao aire libre (concellos do Grove, As Neves e Tui).

Neste sentido, os datos de pluviosidade rexistrados nas estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o último período amosan unha desviación significativa respecto á media histórica. Esta saturación hídrica do solo non só impediu a entrada de maquinaria pesada, senón que comprometeu a viabilidade técnica dos materiais, facendo da prórroga unha medida necesaria para garantir a calidade do investimento público e evitar patoloxías futuras nas infraestruturas.



Os feitos mencionados inciden directamente no prazo de execución dos proxectos. Así mesmo, dada a envergadura das actuacións que se financian coas axudas derivadas do PON2030, o incremento de medios ordinarios non resulta suficiente para compensar o atraso sen comprometer a calidade dos investimentos, polo que se fai necesaria unha adecuación dos prazos.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Consideracións xurídicas

Primeiro: O principio de eficacia consagrado no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), recoñece que a xestión das subvencións debe garantir o cumprimento dos obxectivos.

A través do PON2030 concedéronse subvencións para que os concellos de menor poboación da provincia puideran executar actuacións de grande envergadura co fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións. Deste modo, a extinción do programa debería producirse no momento no que se execute na súa integridade o investimento que fundamentou a concesión da axuda, polo que unha negativa á prórroga extraordinaria derivaría en obras incompletas e nunha perda de fondos públicos, o que prexudicaría o interese xeral e a finalidade última do programa.

Segundo: O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece que o órgano competente deberá adoptar os actos de xestión orzamentaria no momento oportuno do procedemento.

Porén, para proceder ao recoñecemento da obriga e ao pagamento das subvencións, as obras deben estar totalmente executadas e xustificadas; na conxuntura actual, a única vía legal para permitir dito recoñecemento é a extensión da vixencia do programa.

Terceiro: O artigo 32 da Lei 39/2015 (LPACAP) permite a ampliación de prazos cando as circunstancias o aconsellen e non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Respecto ao primeiro punto, a persistencia das condicións climatolóxicas extremas e a complexidade técnica dos proxectos configuran un escenario de imposibilidade física de cumprimento que non era previsible no momento da concesión da primeira ampliación. En relación ao segundo, a prórroga do programa non prexudica dereitos



de terceiros, por canto todos os concellos se benefician por igual da colaboración administrativa.

A ampliación que se propón –estender dous meses a execución ata o 31/05/2026 e outros dous meses a xustificación ata o 31/10/2026– resulta proporcionada, non desvirtúa a prórroga inicial e correspóndese co período de saturación hídrica que impediu aos concellos executar as obras.

O prazo de execución mantense en coherencia e dentro do prazo total da ampliación primixenia, mentres que a extensión do período de xustificación responde á necesidade de dar cumprimento ao contemplado na LCSP, garantindo que os concellos dispoñan do tempo legalmente previsto para a recepción, liquidación e posterior xustificación documental do investimento.

Cuarto: Conforme á base 3ª do PON2030, o órgano competente para a aprobación das bases foi o Pleno da Deputación; polo tanto, será o mesmo órgano o competente para autorizar a prórroga extraordinaria de execución e xustificación dos investimentos acollidos ao programa.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente, e de acordo cos informes do xefe do Servizo de Cooperación (CSV WK1UTH4PZY4AMVAU) e da dilixencia de conformidade da Intervención Provincial (CSV RFUJEQLSLRWD81R6) no que se lle presta, de xeito excepcional, conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, e visto o informe de non preceptividade da Secretaría Xeral (CSV 1T83NRP35F89KYCN), propónse a adopción do seguinte acordo, de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

1.º PRORROGAR EXTRAORDINARIAMENTE o prazo de execución dos investimentos incluídos no programa PON2030 ata o 31 de maio de 2026 e o de xustificación ata o 31 de outubro de 2026.

2º ORDENAR a publicación desta prórroga no BOPPO na Base de Datos Nacional de Subvencións e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.”



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente, cos votos a favor das/os deputadas/os do Grupo Provincial do PP (9) e do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6), e a abstención do Grupo Provincial do BNG (2).

**5. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda” presentado polo Concello da Guarda ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e a modificación do acordo do pleno núm. 3.8370, de 07/03/2025, de concesión de subvención (Expte. 2024076577)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REFORMA E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA PISCINA MUNICIPAL CONCELLO DE A GUARDA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA GUARDA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 3.8370, DE 07/03/2025, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (Expte. 2024076577)**

**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva



ao Concello da Guarda, con destino á execución da actuación denominada “Reform e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello da Guarda”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 2.266.212,85€ e a subvención concedida e de 700.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.566.212,85€.

- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025003026 de 22/04/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/04/2025.
- Nas datas 04/02/2026, 05/02/2026 e 23/02/2026 o Concello da Guarda presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026007228, REX2026002019 e WEB2026011531) un proxecto reformulado do proxecto inicial e a súa aprobación, o compromiso de cofinanciamento, un informe xustificativo dos cambios, un informe de supervisión do proxecto sinalando de que este non está sometido a ningunha afección sectorial que requira autorización do correspondente organismo competente e que a actuación axústase á normativa urbanística de aplicación. As variacións entre ambos proxectos débense á correccións de erros materiais detectados na anterior versión e á actualización dos prezos para o seu aumento. Os cambios introducidos aumentan o orzamento de licitación do proxecto orixinal, pasando de 2.266.212,85 € a 2.809.051,04 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida. A achega do Concello é de 80.841,90€ e o resto do orzamento correspóndese cunha axuda do PIREP, por importe de 1.494.338,20€ e dun convenio coa Xunta de Galicia, por importe de 533.870,94€.
- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 25/02/2026 (CSV: BoX9oHMEV5GKLQUK).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 02/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: CIXQJ1POZQ92JXGB).
- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV264Q2oBLA8LIG96L).
- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: xHZOH5THPUXR3D5PO).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.



## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación denominada “Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**



- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

### CONCLUSIONES

O proxecto reformulado presentado polo Concello da Guarda para a execución da actuación denominada “Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento increméntase en 542.838,19€ ata o importe de 2.809.051,04€, manténdose invariable o importe da subvención concedida. A achega do Concello é de 80.841,90€ e o resto do



orçamento correspóndese cunha axuda do PIREP, por importe de 1.494.338,20€ e dun convenio coa Xunta de Galicia, por importe de 533.870,94€.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Extra informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación “Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda” presentado polo Concello da Guarda ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- MODIFICAR o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello da Guarda para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
2.809.051,04 €	700.000,00 €	2.109.051,04€

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello da Guarda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

**6. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Humanización da Rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza” presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e a modificación do acordo do pleno núm. 3.8370, de 07/03/2025, de concesión de subvención (Expte. 2024076712)**



Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN DA RÚA ANTONIO FACORRO, DENDE EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DA CAÑIZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 3.8370, DE 07/03/2025, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (Expte. 2024076712)**

### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza, con destino á execución da actuación denominada “Humanización da rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata N-120 no Concello da Cañiza”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.  
O custo total da actuación ascendía a 1.254.366,89€ e a subvención concedida e de 700.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 554.366,89€.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025004031 de 16/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/07/2025.
- Mediante o acordo núm. 4.35092 de data 21/04/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, acordou a concesión dunha subvención por importe de 277.183,44€ ao Concello, co obxecto do financiamento de parte da



achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, do investimento "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120 no Concello de A Cañiza" (expediente: 2025020610).

- Nas datas 13/02/2026, 17/02/2026, 20/02/2026, 23/02/2026 e 25/02/2026 preséntase na sede da Deputación (núm. rex. WEB2026009499, WEB2026010127, WEB2026011156, WEB2026011158, WEB2026011159, WEB2026011162, WEB2026011163 e WEB2026012142) o proxecto reformulado e demais documentación complementaria da actuación "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120". As variacións entre ambos proxectos débense a un requirimento de Patrimonio, polo que se aumenta a seguridade coa eliminación de árbores que poidan empeorar a visibilidade e uniformidade do pavimento no cruce; Ampliación da actuación coa instalación de videovixilancia de aparcamento, que non vai en detrimento da actuación orixinal e actualización dos prezos para o seu aumento, co obxectivo de mellorar a actuación ofertada e facilitar a súa licitación. O proxecto reformulado ascende a 1.456.454,94 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida e modificándose a achega do Concello, que aumenta ata a cantidade de 756.454,94€.
- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 25/02/2026 (CSV: D1KV4TNGCIF8B5B4).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 04/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: L6HPWDYZ3ODCFHL2).
- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 95CC2ZDIAXD1K9MK).
- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: FBOOHRO8WA4HP2oW).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada “Humanización da rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### **Competencia para resolver**

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

### **CONCLUSIONES**

O proxecto reformulado presentado polo Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada “Humanización da rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento aumenta en 202.088,05 € ata o importe de 1.456.454,94€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e modificándose a achega do Concello, que aumenta ata a cantidade de 756.454,94 €

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Extra informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se



alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación “Humanización da rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza”, presentado polo Concello da Cañiza, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

A aprobación do devandito proxecto técnico queda condicionado a obtención das autorizacións sectoriais correspondentes.

- MODIFICAR o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello da Cañiza para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.456.454,94€	700.000,00 €	756.454,94 €

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello da Cañiza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

## **7. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Reurbanización da contorna de Santa Liberata” presentado polo Concello de Baiona ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e a modificación do acordo do pleno núm. 3.8370, de 07/03/2025, de concesión de subvención (Expte. 2024076982)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co



establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REURBANIZACIÓN DA CONTORNA DE SANTA LIBERATA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 3.8370, DE 07/03/2025, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (Expte. 2024076982)**

**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Baiona, con destino á execución da actuación denominada “Reurbanización da contorna de Santa Liberata”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.  
O custo total da actuación ascendía a 1.393.571,13 € e a subvención concedida e de 900.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 493.571,13€.
- Mediante o acordo núm. 3.34932 de 21/03/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 493.571,13€ ao Concello, con obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “Proxecto de Reurbanización da contorna de Santa Liberata” (expediente: 2025005034), polo que a Deputación financiaba a totalidade do investimento.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025002995 de 22/04/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 09/05/2025.
- Nas datas 17/02/2026, 19/02/2026, 25/02/2026, 26/02/2026, 06/03/2026 e 09/03/2026 (núm. rexistro WEB2026010192, WEB2026010788 e WEB2026012153, WEB2026012637,



WEB2026016961, 2026005244 e WEB2026017475) o Concello de Baiona presenta no Rexistro da Deputación un proxecto reformulado do proxecto inicial, un informe técnico do concello, un informe xustificativo dos cambios, a aprobación do proxecto reformulado, un compromiso de financiamento e demais documentación complementaria. Achégase así mesmo, en data 25/02/2026 a través do sistema SIR (nº REX2026003368), os planos do proxecto reformulado. As variacións entre ambos proxectos débense a un requirimento de Patrimonio, polo que se modifican os pavimentos na zona ó redor da capela; Ampliación da documentación e orzamento en relación coa demolición da torre do transformador e actualización dos prezos para o seu aumento, co obxectivo de mellorar a actuación ofertada e facilitar a súa licitación.

Os cambios introducidos aumentan o orzamento en 96.933,87 € (un incremento do 6,96%) ata o importe de 1.490.505,00 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do Concello ata a cantidade de 590.505,00 €.

Á vista de que o concello pode manter o importe máximo subvencionable para esta actuación tras a reformulación do proxecto, na data 09/03/2026 preséntase no rexistro da Deputación un escrito da Alcaldía desistindo da porcentaxe da subvención correspondente cos 52.290,00 € solicitados inicialmente no momento da concesión para financiar os honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico.

Deste xeito, os 900.000,00 € concedidos pasan a financiar unicamente a execución da obra.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 25/02/2026 (CSV: FABNXCVD495U9SS3).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 09/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: X2S78E09V8PUCQII).
- Na data 16/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: UUTW7X12EMVWSQ7T).
- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: QOX79H3JXFCOAE54).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.



## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona para a execución da actuación denominada “Reurbanización da contorna de Santa Liberata” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**



- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

### CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Baiona para a execución da actuación denominada “Reurbanización da contorna de Santa Liberata”, no marco do Programa Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe do orzamento do proxecto reformulado aumenta en 96.933,87 € (un incremento do 6,96%) ata o importe de 1.490.505,00 €, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do Concello ata a cantidade de 590.505,00 €. O importe da subvención



concedida pasa a destinarse unicamente ao financiamento dos gastos correspondentes á execución da obra, á vista do escrito da alcaldía de desistimento do financiamento dos honorarios técnicos (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico).

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación denominada “Reurbanización da contorna de Santa Liberata” presentado polo Concello de Baiona ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- MODIFICAR o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello de Baiona para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.490.505,00 €	900.000,00 €	590.505,00 €

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Baiona, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

## **8. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Humanización prolongación Antonio Palacios” presentado polo Concello do Porriño ao abeiro do programa REACPON e a modificación do acordo do pleno núm. 8.8378, de 28/03/2025, de concesión de subvención (Expte. 2021040022)**



Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN AO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN PROLONGACIÓN ANTONIO PALACIOS” PRESENTADO POLO CONCELLO DO PORRIÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 8.8378, DE 28/03/2025, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTE 2021040022)**

**ANTECEDENTES**

- Mediante o acordo núm. 7.7624 de 28/05/2021, o Pleno da Corporación Provincial aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia). As ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 102, de 01/06/2021.
- O 02/08/2021 o Concello do Porriño presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2021030813) unha solicitude de subvención por importe de 645.024,26 euros para o investimento denominado “Humanización da Prolongación Antonio Palacios”, cun orzamento de 860.032,34 euros e cunha achega municipal de 215.008,08 euros. A actuación correspondíase coa Liña 3 de Espazos Urbanos das citadas Bases reguladoras do Programa ReacPon.
- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.7719, de 17/12/2021, aprobouse a concesión das subvencións, excluíndose a solicitude realizada polo Concello do Porriño por canto o proxecto non acadaba o 50% da puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria.
- Mediante o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra número 8.8378, do día 28/03/2025, concedeuse ao Concello do Porriño unha subvención por importe de 645.024,26€, con destino ao financiamento da execución do investimento denominado “Humanización Prolongación Antonio Palacios”, cun orzamento de licitación de 860.032,34€, dando así cumprimento á sentenza núm. 237/2022 de data 24/10/2022, do xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Pontevedra e núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, sección 3ª da sala do contencioso-administrativo do TSXG, consecuencia das alegacións presentadas polo Concello do Porriño contra o acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, referente á exclusión da súa solicitude de subvención ao abeiro do Programa REACPON.
- O orzamento do investimento ascendía a 860.032,34€ e a subvención concedida a 645.024,26€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 215.008,08€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 17ª do Programa, no caso de que xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará



a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Na data 19/02/2026 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026010738) un proxecto reformulado respecto ao inicial, xunto co compromiso de financiamento do incremento orzamentario, suscrito pola Alcaldía e o anexo IV (certificación da persoa secretaria na que certifica que ten a dispoñibilidade dos terreos e que non se precisan autorizacións). Os cambios introducidos afectan o carril para bicicletas que aumenta lixeiramente o ancho adaptándoo á “Guía de recomendaciones para el diseño de infraestructura ciclista” editada posteriormente á redacción do proxecto primitivo, unha actualización de prezos, a reorganización do tráfico mediante unha glorieta e un redeseño das superficies das beirarrúas e zonas verdes.

O orzamento do novo proxecto ascende a 1.066.887,26€, o que supón un incremento de 206.854,92€ (24,05% sobre o orzamento inicial).

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 25/02/2026 (CSV: XXJNWA62OgDHO1AY).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 25/02/2026, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios implican un incremento da superficie total do ámbito do proxecto, unha mellora da calidade e sen cambios nos obxectivos da axenda 2030, nas políticas panca e nos Principios Ágora; e polo tanto, estes cambios non reducen a puntuación obtida na baremación existente, calculada de acordo aos criterios de valoración fixados.
- En data 11/03/2026 o técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe desagregando a puntuación obtida para o proxecto reformulado presentado (CSV: WFADBIFC7J8XQ9LX).
- O día 12/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: KXA19HXY8JW0PZSE).
- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que as modificacións introducidas no proxecto reformulado non alteran de maneira substancial a puntuación global obtida na baremación, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. (CSV: Y4QLQK7TQHIW28A4).
- O día 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: TZ6SO48GJCAV5TQ2).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por



Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

### **Competencia para resolver**

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2026, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2026, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### **CONCLUSIÓN**

O proxecto técnico presentado polo concello (aprobado mediante Decreto da alcaldía de data 03/10/2025), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento do investimento (206.854,92€), manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:



Orzamento proxecto inicial		Orzamento proxecto reformulado	
Orzamento:	860.032,34€	Orzamento:	1.066.887,26€
Subvención:	645.024,26€	Subvención:	645.024,26€
Achega Concello:	215.008,08€	Achega Concello:	421.863,00€
% Subvención/orzamento:	75,00%	% Subvención/orzamento:	60,46%

A Comisión de persoas expertas de data 25/02/2026 acorda dar conformidade ao proxecto presentado.

Co proxecto reformulado non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación denominada "Humanización Prolongación Antonio Palacios", presentado polo Concello do Porriño ao abeiro do Programa ReacPon.
- MODIFICAR acordo plenario nº 8.8378, de 28/03/2025, de concesión de subvención ao Concello do Porriño para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN REACPON	ACHEGA CONCELLO
1.066.887,26€	645.024,26€	421.863,00€



- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Porriño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2)

### **9. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico da actuación “Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da finca de Briz” presentado polo Concello de Marín ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Expte. 2024077077)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA DE TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA FINCA DE BRIZ” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MARÍN AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (Expte. 2024077077)**

#### **ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o



acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Marín con destino á execución da actuación denominada "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e Mellora da Accesibilidade da Finca de Briz", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 1.581.329,29 € e a subvención concedida a 1.100.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 481.329,29€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025004357 de 27/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o 30/07/2025.
- Nas datas 22/01/2026, 09/02/2026, 23/02/2026, 03/03/2026, 09/03/2026, 10/03/2026 e 11/03/2026, o Concello de Marín presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2026004026, WEB2026008292, WEB2026011407, WEB2026014954, WEB2026017477, WEB2026017963 e WEB2026018058, respectivamente), entre outros documentos, un informe do redactor do proxecto acerca das autorizacións sectoriais, un informe acerca dos cambios acometidos entre proxectos, a autorización sectorial de Patrimonio cultural, o proxecto técnico reformulado e o seu o acordo de aprobación, un informe xustificativo dos cambios dos prezos nas partidas do proxecto, un informe da arquitecta municipal no que se recolle a non necesidade de solicitar de novo as autorizacións sectoriais ao xa contar coas resolucións preceptivas, e unha aclaración respecto da aprobación do proxecto técnico reformulado.

Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e a variación entre ambos proxectos débese á división en dous lotes, potenciando a accesibilidade da finca Briz.

O lote 1 fai referencia á actuación orixinal na rúa Tiro Naval, na que se fan reaxustes para reducir o seu orzamento, entre os que se encontran a eliminación da rampla mecanizada, substituída por unhas escaleiras, ampliando os muros e as redes de servizos proxectadas na zona; a eliminación de pilares de pedra granítica, e axustes menores de prezos.

O lote 2 supón unha actuación nova que potencia o acceso á finca Briz, cuxo importe ven compensado polas reducións no lote 1, isto é, a execución dun ascensor de acceso, con acondicionamento da entrada dende o nivel inferior e pavimentación na saída á finca Briz no nivel superior.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 12/03/2026 (CSV: 5F2X35NS5808NZKR), e unha dilixencia aclaratoria do informe xustificativo do cambio nos prezos das partidas do proxecto enviado polo concello (CSV: WQKUO763DSYPI87N).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 12/03/2026, conclúese que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 12/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: YM981Q6DTI6WS9JH).
- Na data 16/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite



informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: KLMB9B1CNUPWR97).

- O día 16/03/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: HXQWA5PQ2BY29C9I).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a execución da actuación denominada “Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da finca de Briz”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.



### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### **Competencia para resolver**

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da



Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

## CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Marín para a execución da actuación denominada "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e Mellora da Accesibilidade da Finca de Briz", no marco do Programa Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico da actuación "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e Mellora da Accesibilidade da Finca de Briz" presentado polo Concello de Marín ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Marín, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

## 10. Rogos e preguntas

Non houbo



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

